



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Instituto de Educación Secundaria "LEIXA"

San Pedro de Leixa s/n  
15405 - Ferral (A Coruña)  
<http://centros.edu.xunta.es/leixa>  
[ies.leixa@edu.xunta.es](mailto:ies.leixa@edu.xunta.es)

Tfno: 981 328 951 e 981 328 900  
Tfno GSM: 667 626 775  
Tfno móbil: 647 626 707  
Fax: 981 328 900



# GUÍA PRÁCTICA PARA A IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS .: RISCOS LABORAIS .:

Leixa

## Introducción:

Esta guía forma parte do **Plan de Autoprotección (Plan de Prevención de Riscos)** do IES Leixa e nela protocolízanse as actuacións a desenvolver para a identificación e avaliación dos riscos existentes no instituto como paso necesario para o establecemento do **Plan de Autoprotección**.

Seguindo o establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, é preciso artellar no centro educativo un sistema que, mediante protocolos deseñados ao efecto, permita:

- Coñece-las instalacións.
- Identificar axeitadamente os riscos existentes.
- Avalialia-los riscos.

Todo iso para poder establecer accións encamiñadas á prevención.

## Definicións:

### Accidente:

Lesión corporal que deriva dunha causa violenta súbita, externa e alléa á intencionalidade do lesionado/a.

### Accidente de traballo:

Toda lesión corporal que o traballador/a sufra a causa ou como consecuencia do traballo que executa por conta alléa. Considéranse accidentes de traballo:

- Os que suceden indo ou vindo do traballo (*in itinere*).
- A causa ou consecuencia do feito de desenvolver cargos electos de carácter sindical, incluídos accidentes *in itinere*.
- A causa ou consecuencia dos traballos que, anque non se correspondan coas propias da súa categoría profesional, execute o traballador/a en cumprimento das ordes do empresario ou espontaneamente en interese do bo funcionamento da empresa.
- Accidentes sufridos en actos de salvamento ou de natureza análoga, estando estes relacionados co traballo.
- As enfermidades non profesionais que contraiga o traballador/a con motivo do seu traballo.
- As enfermidades que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente e as consecuencias e enfermidades derivadas do proceso patolóxico determinado polo accidente.

### Deber de protección:

Deber do empresario de ofrecer, correlativo ao dereito dos traballadores/as de recibir unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo. En cumprimento deste deber de protección, o empresario debe garanti-la seguridade e a saúde dos traballadores/as ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo, e realiza-la prevención dos riscos laborais mediante a adopción de todas as medidas precisas para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores/as.

### Enfermidade profesional:

Enfermidade contraída a consecuencia do traballo executado por conta alléa nas actividades especificadas normativamente, e que está provocada pola acción dos elementos ou substancias que se indican normativamente para cada enfermidade profesional.



### **Equipo de protección individual (EPI):**

Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador/a para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameaza-la súa seguridade ou a súa saúde no traballo, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal efecto.

### **Equipo de traballo:**

Calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizado no traballo.

### **Avaliación de riscos laborais:**

É o proceso dirixido a estima-la magnitude dos riscos que se puideran evitar, obtendo a información necesaria para que o empresario estea en condicións de tomar unha decisión apropiada sobre a necesidade de adoptar medidas preventivas e, no seu caso, sobre o tipo de medidas que se deben adoptar.

### **Lugar de traballo:**

Área do centro de traballo, edificada ou non, onde os traballadores/as deben permanecer ou á que poidan acceder por razón do seu traballo. Considéranse incluídos nesta definición os servizos hixiénicos e locais de lecer, os locais de primeiros auxilios e as instalacións de servizo ou de protección alléas.

### **Perigo:**

Propiedade ou actitude intrínseca de algunha cousa para ocasionar danos (por exemplo: materiais de traballo, equipos, métodos e prácticas laborais).

### **Plan de prevención de riscos:**

Conxunto preestablecido de accións necesarias para acadalo obxectivo de prevención de riscos. Inclúe os obxectivos, o calendario, a estrutura organizativa destinada a tal efecto, a definición de funcións, as prácticas, os procedementos, os procesos e os recursos necesarios.

### **Prevención:**

Conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa coa finalidade de evitar ou diminuí-los riscos derivados do traballo.

### **Risco:**

Probabilidade de que a capacidade para ocasionar danos se actualice nas condicións de utilización ou de exposición, e a posible importancia dos danos.

### **Risco laboral:**

Posibilidade de que un traballador/a sufra un determinado dano derivado do traballo. Para cualificar un risco dende o punto de vista da súa gravidade, deben valorarse conxuntamente a probabilidade de que se produza o dano e a severidade deste.

### **Risco laboral grave ou inminente:**

O que resulta racionalmente probable que se materialice nun futuro inmediato e poida supoñer un dano grave para a saúde dos traballadores/as.

Sinal que advirte dun risco ou dun perigo.

### **Símbolo ou pictograma:**

Imaxe que describe unha situación ou obriga a seguir un comportamento determinado, utilizada sobre un sinal en forma de panel ou sobre unha superficie.

## Identificación dos riscos:

Na seguinte táboa expóñense os distintos factores de risco así como os códigos que os representan e que serán empregados nos modelos de identificación e avaliación de riscos no IES Leixa.

<b>TÁBOA DOS FACTORES DE RISCO</b>	
01	Caída de persoas a distinto nivel (tropezos, resbalóns, etc.).
02	Caída de persoas ao mesmo nivel (caídas a través de ocos, a fosos, peiraos de carga, etc.).
03	Caída de obxectos por desplome ou derrubamento (estanterías, excavacións, cargas izadas...).
04	Caída de obxectos en manipulación.
05	Caída de obxectos desprendidos.
06	Pegadas sobre obxectos punzantes ou cortantes.
07	Choques contra obxectos inmóviles.
08	Choques contra obxectos móbiles, como partes de máquinas, cargas en movemento, etc.
09	Golpes e cortes por obxectos ou ferramentas.
10	Proxección de fragmentos ou partículas (radiáis, cortafíos, tornos, taladradoras, etc.).
11	Atrapamento por ou entre obxectos, coma nos movementos de cargas.
12	Atrapamento por envorcado de máquinas ou vehículos.
13	Sobreesforzos, coma na manipulación manual de cargas.
14	Exposición a temperaturas extremas, coma nos traballos á intemperie.
15	Contactos térmicos.
16	Contactos eléctricos.
17	Exposición a substancias nocivas ou tóxicas.
18	Contacto con substancias cáusticas ou corrosivas.
19	Exposición a radiacións (traballos de soldadura, queimaduras solares...).
20	Explosións (gases, vapores inflamables, polvo en suspensión, explosivos, etc.).
21	Facilidade para a iniciación dun lume (graxas, combustibles sólidos, falta de limpeza...).
22	Accidentes causados por seres vivos, incluídos fungos, bacterias e virus.
23	Atropelamentos, golpes e choques contra vehículos.
24	Accidente de tráfico.
25	Causas naturais.
26	Outras causas.
<b>RISCO DE ENFERMIDADE PROFESIONAL</b>	
27	Enfermidades profesionais por contaminantes químicos
28	Enfermidades profesionais por contaminantes físicos
29	Enfermidades profesionais por axentes biolóxicos
30	Enfermidades profesionais por outras circunstancias
<b>SITUACIÓNS ESPECIAIS</b>	
Se	Situacións especiais de risco. Discapacidade.
Ee	Xestación ou lactancia.
M	Menores de 18 anos.

## Procedementos:

A fin de identificar e avalia-los riscos deben establecerse procedementos ben definidos e dentro de cada procedemento protocolizar actividades.

Os procedementos que se definen son:

1. Análise das instalacións.
  - a. Planos.
  - b. Protocolo de identificación de espazos.
  - c. Protocolo de identificación de espazos de risco especial.
2. Análise de inventarios:
  - a. Ficha de material inventariable.
  - b. Listado de material inventariable.
  - c. Ficha-guía de manexo de material.
3. Análise de riscos:
  - a. Identificación de riscos.
  - b. Avaliación de riscos.
  - c. Plan de acción.
  - d. Plan de acción para riscos especiais.
  - e. Estudo de incidencias.
  - f. Estudo de accidentes.

**Procedemento de análise das instalacións:** Pretende facer un estudo amplo das instalacións do centro con planos de localización.

**Protocolo ins001 (ficha de identificación de espazos):** Este protocolo establece o recoñecemento das instalacións mediante o mapeado das mesmas e identificación de espazos.

Para realizalo hai que cubrir unha ficha (modelo **ins001** do anexo) para cada un dos espazos incluíndo os seguintes datos mínimos:

- Localización.
- Superficie.
- Mobiliario e aparataxe.
- Portas, con medidas, apertura e condicións.
- Ventás, con medidas, apertura e condicións.
- Elementos xerais de risco.
- Existencia de medidas básicas de protección.
- Observacións.

A ficha debe identificar a data, o nome e apelidos do responsable e a sinatura.

**Protocolo ins002 (ficha de identificación de espazos de risco especial):** Este protocolo establece o recoñecemento dos espazos ou instalacións singulares con risco especial. Por exemplo: cociñas, caldeiras, depósitos de gasoil, alta tensión, almacén de bombas...

Para realizalo hai que cubrir unha ficha (modelo **ins002** do anexo) para cada un destes espazos incluíndo os seguintes datos mínimos:

- Localización.
- Superficie.
- Mobiliario e aparataxe.

- Portas, con medidas, apertura e condicións.
- Ventás, con medidas, apertura e condicións.
- Elementos especiais de risco.
- Existencia de medidas especiais de protección.
- Observacións.

**Procedemento de análise de inventarios:** Pretende facer un estudo amplo dos inventarios do centro identificación de cada material inventariable, clasificación do material por espazo e protocolos de manexo.

**Protocolo inv001 (ficha de material inventariable):** Este protocolo permite identifica-lo material inventariable existente.

Para realizalo hai que cubrir unha ficha (modelo *inv001* do anexo) para cada un dos aparatos e material inventariable incluíndo os seguintes datos mínimos:

- Departamento que inventaría o material.
- Código de identificación do material: para unificar criterios respecto á codificación do material utilizarase un sistema de díxitos do seguinte xeito:
  - o Letras identificativas do departamento:
    - AG: Artes gráficas.
    - BX: Bioloxía e Xeoloxía.
    - CON: Conserxería.
    - DEB: Debuxo.
    - DIR: Dirección.
    - ECO: Economía.
    - EF: Educación Física.
    - FIL: Filosofía.
    - FQ: Física e Química.
    - FOL: Formación e Orientación Laboral.
    - FRA: Francés.
    - GRE: Grego.
    - ING: Inglés.
    - LAT: Latín.
    - LE: Lingua Castelá.
    - LG: Lingua Galega.
    - MAN: Mantemento.
    - MAT: Matemáticas.
    - ENL: Normalización.
    - ORI: Orientación.
    - OUT: Outros.
    - REL: Relixión.
    - SAN: Sanidade.
    - SEC: Secretaría.
    - XEO: Xeografía e Historia.
  - o Código numérico formado pola data de adquisición (ou inventariado, se é o caso) do material seguindo o formato ddmmaaaa.

- Código numérico de orde, separado da data por un guión.

**Exemplo de codificación:** O material identificado co código **SAN12042004-1** indica que foi inventariado polo departamento de Sanidade o día 12 de abril de 2004 e foi o primeiro inventariado nesa data. Se o mesmo departamento e na mesma data se inventaría un segundo material, o seu código de identificación sería **SAN12042004-2**.

- Datos do material:
  - Unidades.
  - Descrición.
  - Marca.
  - Modelo.
  - N° de serie.
  - Data de adquisición.
- Datos da empresa subministradora e de mantemento:
  - Empresa subministradora, con teléfono de contacto.
  - Prezo de adquisición e número de factura.
  - Sistema de adquisición.
  - Localización inicial do material (aula, espacio...).
  - Códigos de consumibles, se os ten; por exemplo, tinta de impresora.
  - Vida estimada.
  - Mantemento, se é o caso, indicando a empresa, a persoa de contacto e un teléfono.
  - Existencia de garantía con data de caducidade.
  - Existencia de manuais e complementos.
- Datos relacionados cos riscos laborais, identificando os riscos asociados ao material.
- Medidas de protección específicas, se é o caso.
- Características e observacións.
- Incidencias, con data e incidencia; por exemplo: avaría, reparación, cambio de ubicación, baixa...

A ficha debe identificar a data, o nome e apelidos do responsable, o seu cargo e a sinatura.

**Protocolo inv002 (ficha-guía de manexo):** Con este protocolo establécese a información sobre o manexo do material e as normas de protección.

Para realizalo hai que cubrir unha ficha (modelo **inv002** do anexo) na que constan:

- Identificación do material segundo o código da ficha **inv001**.
- Características e funcións.
- Riscos laborais asociados.
- Medidas de protección individual, se é o caso.
- Manual básico de funcionamento, que debe recoller alomenos os seguintes datos:
  - Posta en marcha.
  - Condicións de uso.
  - Operatoria.
  - Limpeza e mantemento básico.

- o Parada: normal e de emerxencia.

- Accións de autoprotección.

A ficha debe identificar a data, o nome e apelidos do responsable, o seu cargo e a sinatura.

**Procedemento de análise de riscos:** Pretende facer un estudo amplo dos riscos que hai no centro mediante a identificación, avaliación, medidas de protección xeral e especial e estudo de incidencias e accidentes.

**Protocolo ris001 (identificación xeral de riscos laborais):** Este protocolo serve para a identificación de riscos asociados aos postos de traballo.

Para realizalo hai que cubrir unha ficha (modelo **ris001** do anexo) na que constan:

- Datos do centro educativo.
- Tipo de avaliación.
- Responsable, con sinatura e data.
- Identificación do posto de traballo e os riscos asociados.

**Protocolo ris002 (avaliación de riscos laborais):** Mediante este protocolo se avalían os riscos identificados no protocolo **ris001**, establécese a estimación do risco segundo a probabilidade e consecuencias e se suxiren accións e observacións.

Para realizalo hai que cubrir unha ficha (modelo **ris002** do anexo) na que constan:

- Datos do centro educativo.
- Tipo de avaliación.
- Responsable, con sinatura e data.
- Identificación do posto de traballo asociado ao número de identificación do protocolo **ris001** e o número de traballadores/as.
- Identificación dos riscos laborais establecendo a probabilidade, a consecuencia e a estimación do risco, utilizando as táboas seguintes:

		CONSECUENCIA		
		Lixeiramente danoso (LD)	Danoso (D)	Extremadamente danoso (ED)
PROBABILIDADE	Baixa (B)	Risco trivial (T)	Risco tolerable (TO)	Risco moderado (M)
	Media (M)	Risco tolerable (TO)	Risco moderado (M)	Risco importante (I)
	Alta (A)	Risco moderado (M)	Risco importante (I)	Risco intolerable (IN)

Táboa de niveis de risco segundo a probabilidade e as consecuencias

RISCO	ACCIÓN E TEMPORIZACIÓN
Trivial (T)	Non se require acción específica
Tolerable (TO)	Non se precisa modificar especificamente a acción preventiva. Sen embargo débense considerar solucións de mellora
Moderado (M)	Débense facer esforzos para reduci-lo risco determinando as inversións precisas e nun determinado tempo
Importante (I)	Débese solucionar-lo problema nun tempo moi curto
Intolerable (IN)	Non se pode realiza-lo traballo ata que se reduza o risco

Táboa de valoración para a asignación de gravidade



**Protocolo ris003 (plan de acción):** Nel establécense accións dirixidas á prevención dos riscos cando non existen ou son deficientes. Trátase de identifica-los riscos asociados a un posto de traballo e adoptar medidas de protección establecendo datas e responsables da adopción das medidas.

Este protocolo está asociado ao modelo **ris003** do anexo e nel hai que cubri-los seguintes datos:

- Datos do centro educativo.
- Tipo de avaliación.
- Responsable, con sinatura e data.
- Código numérico do posto de traballo segundo o establecido no protocolo **ris001**.
- Letra asociada ao risco segundo o establecido no protocolo **ris002**.
- Accións requiridas para a protección do traballador/a, con data de finalización das accións, responsable das mesmas, data de comprobación e observacións.

**Protocolo ris003\_esp (plan de acción para situacións especiais de risco):** É semellante ao protocolo **ris003** pero neste caso é para as situacións especiais de risco que se dan nun traballador/a en concreto.

O protocolo está asociado ao modelo **ris003\_esp** do anexo e nel constan os seguintes datos:

- Datos do centro educativo.
- Data de revisión.
- Responsable, con sinatura e data.
- Nome e apelidos do traballador/a.
- Identificación dos postos de traballo asociados ao número de codificación do protocolo **ris001** e identificación do risco.
- Accións requiridas para a protección do traballador/a, coa data e o responsable.

**Protocolo ris004 (estudo de incidentes):** Trátase dun documento que permite facer un estudo detallado dos incidentes (accidentes brancos) e obter datos que nos permitan avalialos e minimizalos.

O protocolo está asociado ao modelo **ris004** do anexo e nel constan os seguintes datos mínimos:

- Datos do centro educativo.
- Datos do incidente (data, hora).
- Lugar do incidente.
- Situación previa ao incidente.
- Características do incidente (maquinaria, manexo, desencadenante...).
- Persoas afectadas.
- Observacións

**Protocolo ris005 (estudo de accidentes):** Trátase dun documento que permite facer un estudo detallado dos accidentes e obter datos que nos permitan avalialos e minimizalos.

O protocolo está asociado ao modelo **ris005** do anexo e nel constan os seguintes datos mínimos:

- Datos do centro educativo.
- Datos do accidente (data, hora).
- Lugar do accidente.
- Situación previa ao accidente.



- Características do accidente (maquinaria, manexo, desencadenante...).
- Persoas afectadas (nome e apelidos, idade, sexo, protección, partes acciden-  
teadas...).
- Datos da evacuación e/ou asistencia.
- Datos de seguimento.
- Observacións





#### Anexos:

- Modelo ins001 asociado ao protocolo ins001.
- Modelo ins002 asociado ao protocolo ins002.
- Modelo inv001 asociado ao protocolo inv001.
- Modelo inv002 asociado ao protocolo inv002.
- Modelo ris001 asociado ao protocolo ris001.
- Modelo ris002 asociado ao protocolo ris002.
- Modelo ris003 asociado ao protocolo ris003.
- Modelo ris003\_esp asociado ao protocolo ris003\_esp.
- Modelo ris004 asociado ao protocolo ris004.
- Modelo ris005 asociado ao protocolo ris005.







**.: FICHA DE IDENTIFICACIÓN DE ESPAZOS CON RISCO ESPECIAL.:.**

Denominación	Localización													
	Pavillón													
	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3											
	<table border="1"> <thead> <tr> <th colspan="3">Planta</th> <th rowspan="2">Superficie</th> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> Baixa</td> <td><input type="checkbox"/> Primeira</td> <td><input type="checkbox"/> Segunda</td> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td></td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> </tbody> </table>			Planta			Superficie	<input type="checkbox"/> Baixa	<input type="checkbox"/> Primeira	<input type="checkbox"/> Segunda				
Planta			Superficie											
<input type="checkbox"/> Baixa	<input type="checkbox"/> Primeira	<input type="checkbox"/> Segunda												

**Riscos espececiais**

<input type="checkbox"/> Electricidade <input type="checkbox"/> Gas <input type="checkbox"/> Focos de lume <input type="checkbox"/> Tomas de auga <input type="checkbox"/> Biolóxico	<input type="checkbox"/> Químico <input type="checkbox"/> Outros (especificar):
--	--

**Medidas de protección**

<input type="checkbox"/> Extintores: Non hai Tipo: Situación: No chán Tipo: Situación: No chán Tipo: Situación: No chán Tipo: Situación: No chán Tipo: Situación: No chán	<input type="checkbox"/> Botiquín: <input type="checkbox"/> Si (no seu caso indique o número: Non hai) <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Reixas de ventilación (no seu caso indique o número: Non hai) <input type="checkbox"/> Extractor de gas <input type="checkbox"/> Outros (especificar):
--	--

**Informe detallado de riscos especiais**

Data: 30/05/2004

Nome e apelidos: . Cargo: . Sinatura:



**:: FICHA DE MATERIAL INVENTARIABLE ::**

<b>Departamento:</b> Artes Gráficas	<b>Código:</b> -1
-------------------------------------	-------------------

Unidades	Descrición	Marca	Modelo	Nº Serie	Data

Empresa subministradora		Tel. de contacto	Prezo de compra	Nº factura
			€	
Sistema de adquisición	Localización inicial	Códigos de consumibles		Vida estimada
Compra directa				De 1 a 2 anos
Mantemento	Empresa	Persoa de contacto		Tfno. contacto
Non contratado				
Garantía	Caducidade da garantía	Manuais	Complementos (se é o caso)	
Si		Si		

Riscos laborais	
<input type="checkbox"/> 4. Caída de obxectos por manipulación <input type="checkbox"/> 5. Caída de obxectos desprendidos <input type="checkbox"/> 7. Golpes contra obxectos móbiles <input type="checkbox"/> 8. Golpes e contactos con elementos móbiles da máquina <input type="checkbox"/> 9. Golpes por obxectos ou ferramentas. <input type="checkbox"/> 10. Proxección de fragmentos ou partículas <input type="checkbox"/> 11. Atrapamento por ou entre obxectos <input type="checkbox"/> 12. Atrapamento por envorcio <input type="checkbox"/> 13. Sobreesforzo.	<input type="checkbox"/> 15. Contactos térmicos <input type="checkbox"/> 16. Contactos eléctricos <input type="checkbox"/> 17. Inhalación ou inxestión de substancias nocivas <input type="checkbox"/> 18. Contacto con substancias cáusticas ou corrosivas. <input type="checkbox"/> 20. Explosión <input type="checkbox"/> 21. Incendio <input type="checkbox"/> 26. Outros (especificar):

Medidas de protección individual	
<input type="checkbox"/> Luvas <input type="checkbox"/> Gafas <input type="checkbox"/> Mascarilla <input type="checkbox"/> Mandil	<input type="checkbox"/> Outros (especificar):

Características e/ou observacións

Data	Incidencia

Data: 30/05/2004

Nome e apelidos: . Cargo: . Sinatura:



**:: FICHA DE MANEXO DE MATERIAL ::**

<b>Departamento:</b> Artes Gráficas	<b>Código:</b> -1
-------------------------------------	-------------------

Descrición	Marca	Modelo	Nº Serie

**Riscos laborais**

<input type="checkbox"/> 4. Caída de obxectos por manipulación <input type="checkbox"/> 5. Caída de obxectos desprendidos <input type="checkbox"/> 7. Golpes contra obxectos móbiles <input type="checkbox"/> 8. Golpes e contactos con elementos móbiles da máquina <input type="checkbox"/> 9. Golpes por obxectos ou ferramentas. <input type="checkbox"/> 10. Proxección de fragmentos ou partículas <input type="checkbox"/> 11. Atrapamento por ou entre obxectos <input type="checkbox"/> 12. Atrapamento por envorco <input type="checkbox"/> 13. Sobre esforzo.	<input type="checkbox"/> 15. Contactos térmicos <input type="checkbox"/> 16. Contactos eléctricos <input type="checkbox"/> 17. Inhalación ou inxestión de substancias nocivas <input type="checkbox"/> 18. Contacto con substancias cáusticas ou corrosivas. <input type="checkbox"/> 20. Explosión <input type="checkbox"/> 21. Incendio <input type="checkbox"/> 26. Outros (especificar):
--	--

**Medidas de protección individual**

<input type="checkbox"/> Luvas <input type="checkbox"/> Gafas <input type="checkbox"/> Mascarilla <input type="checkbox"/> Mandil	<input type="checkbox"/> Outros (especificar):
--	--

**Protocolo de manexo (resumo)**

Data: 30/05/2004

Nome e apelidos: . Cargo: . Sinatura:



**.. IDENTIFICACIÓN XERAL DE RISCOS LABORAIS ..**

<b>Dirección</b>	San Pedro de Leixa s/n	<b>Teléfono principal</b>	981328900	<b>Tipo de avaliación</b>	<input type="checkbox"/> Inicial	<b>Responsable (sinatura):</b>
<b>Localidade</b>	15405 - Ferrol	<b>Teléfono secundario</b>	981328951		<input type="checkbox"/> De revisión por danos á saúde	
<b>Provincia</b>	A Coruña	<b>Fax</b>	981328900		<input type="checkbox"/> De revisión periódica	
<b>Correo-e</b>	ies.leixa@edu.xunta.es	<b>Teléfono GSM</b>	667626775		<input type="checkbox"/> De revisión por	
<b>Actividade</b>	Ensino	<b>Teléfono móbil</b>	667626707	<b>Espacio:</b>		<b>Nome:</b>
						<b>Data:</b>

Nº	Identificación do posto de traballo	Forma do accidente																										Enfermidades				Especiais		
		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	SE	EL	M18
1		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
4		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
5		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
6		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
7		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
8		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
9		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
10		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
11		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

**CÓDIGOS DE RISCO**

1. Caída de persoas a distinto nivel	12. Atrapamentos por envorco de máquinas	23. Atropelo, golpe ou choque contra vehículos
2. Caída de persoas ao mesmo nivel	13. Sobreesforzos	24. Accidente de tráfico
3. Caída de obxectos por desplome	14. Exposición a temperaturas extremas	25. Causas naturais
4. Caída de obxectos por manipulación	15. Contactos térmicos	26. Outros
5. Caída de obxectos desprendidos	16. Contactos eléctricos	27. Enfermidades profesionais por axentes químicos
6. Pegadas sobre obxectos	17. Inhalación ou ingestión de substancias nocivas	28. Enfermidades profesionais por axentes físicos
7. Golpes contra obxectos inmóviles	18. Contactos con substancias cáusticas e/ou corrosivas	29. Enfermidades profesionais por axentes biolóxicos
8. Golpes e contactos con elementos móbiles de máquinas	19. Exposición a radiacións	30. Enfermidades profesionais por outras circunstancias
9. Golpes por obxectos ou ferramentas	20. Explosións	SE. Sensibilidade especial a algúns riscos. Discapacidade
10. Proxección de fragmentos ou partículas	21. Incendios	EL. Embarazo e lactancia
11. Atrapamentos por ou entre obxectos	22. Accidentes causados por seres vivos	M18. Menores de 18 anos



		CONSECUENCIA		
		Lixeiramente danoso (LD)	Danoso (D)	Extremadamente danoso (ED)
PROBABILIDADE	Baixa (B)	Risco trivial (T)	Risco tolerable (TO)	Risco moderado (M)
	Media (M)	Risco tolerable (TO)	Risco moderado (M)	Risco importante (I)
	Alta (A)	Risco moderado (M)	Risco importante (I)	Risco intolerable (IN)

Táboa de niveis de risco segundo a probabilidade e as consecuencias

RISCO	ACCIÓN E TEMPORIZACIÓN
<b>Trivial (T)</b>	Non se require acción específica
<b>Tolerable (TO)</b>	Non se precisa modificar especificamente a acción preventiva. Sen embargo débense considerar solucións de mellora
<b>Moderado (M)</b>	Débense facer esforzos para reduci-lo risco determinando as inversións precisas e nun determinado tempo
<b>Importante (I)</b>	Débese solucionar-lo problema nun tempo moi curto
<b>Intolerable (IN)</b>	Non se pode realiza-lo traballo ata que se reduza o risco

Táboa de valoración para a asignación de gravidade







Espazo	Nº	Risco Laboral	Acción requirida	Data de finalización	Responsable
	1 1 1 1 1 1 1 1 1 1	SE: Situación especial. Discapacidade.			
	1 1 1 1 1 1 1 1 1 1	SE: Situación especial. Discapacidade.			

**..: INFORME DE INCIDENTE ..:**

<b>Dirección</b>	San Pedro de Leixa s/n	<b>Teléfono principal</b>	981328900	<b>Resumo do incidente</b>		Informador/a (sinatura):
<b>Localidade</b>	15405 - Ferrol	<b>Teléfono secundario</b>	981328951			
<b>Provincia</b>	A Coruña	<b>Fax</b>	981328900			
<b>Correo-e</b>	ies.leixa@edu.xunta.es	<b>Teléfono GSM</b>	667626775			
<b>Actividade</b>	Ensino	<b>Teléfono móbil</b>	667626707			
				<b>Espazo onde sucedeu:</b>		Nome:
						Data:

**DATOS DO TRABALLADOR/A E TESTEMUÑAS**

Nome e apelidos:	Dirección:	Testemuña 1:
Posto laboral: Alumno/a	CP e localidade:	Testemuña 2:
Data de nacemento:	Teléfonos de contacto:	Testemuña 3:
Sexo: Muller	Nome do pai/nai:	Testemuña 4:
Grupo:		Testemuña 5:
Materia:		

**DATOS DO INCIDENTE**

<p>Data do incidente:      Hora do incidente:      Día da semana:</p> <p>¿Estaba o traballador/a (alumno/a) realizando unha tarefa propia?: Si</p> <p>¿Estaba o traballador/a (alumno/a) debidamente protexido para a tarefa?: Si</p> <p>En caso de que fose un alumno/a. ¿Estaba o profesor/a en clase?: Si</p> <p>¿Puido o traballador/a (alumno/a) se-la causa do incidente?: Si</p> <p>¿Existe posibilidade de que se repita o incidente?: Si</p> <p>¿Qué medidas inmediatas se adoptaron?:</p>	<p>Descrición do incidente (o máis detallado posible):</p>
---	--



**:: INFORME DE ACCIDENTE ::**

<b>Dirección</b>	San Pedro de Leixa s/n	<b>Teléfono principal</b>	981328900	<b>Resumo do accidente</b>		Informador/a (sinatura):
<b>Localidade</b>	15405 - Ferrol	<b>Teléfono secundario</b>	981328951			
<b>Provincia</b>	A Coruña	<b>Fax</b>	981328900			
<b>Correo-e</b>	ies.leixa@edu.xunta.es	<b>Teléfono GSM</b>	667626775			
<b>Actividade</b>	Ensino	<b>Teléfono móbil</b>	667626707			
				<b>Lugar onde sucedeu:</b>		Nome:
						Data:

**DATOS DO TRABALLADOR/A E TESTEMUÑAS**

Nome e apelidos:	Dirección:	Testemuña 1:	Tfno:
Posto laboral: Alumno/a	CP e localidade:	Testemuña 2:	Tfno:
Data de nacemento:      Sexo: Muller	Teléfonos de contacto:	Testemuña 3:	Tfno:
Grupo:      Materia:	Nome do pai/nai:	Testemuña 4:	Tfno:

**DATOS DO ACCIDENTE**

Data do accidente:      Hora do accidente:      Día da semana: ¿Foi un accidente realizando a FCT? Si ¿Estaba o traballador/a (alumno/a) realizando unha tarefa propia?: Si ¿Estaba o traballador/a (alumno/a) debidamente protexido para a tarefa?: Si En caso de que fose un alumno/a. ¿Estaba o profesor/a en clase?: Si ¿Puido o traballador/a (alumno/a) se-la causa do accidente?: Si ¿Existe posibilidade de que se repita o accidente?: Si Indique as partes lesionadas: En caso de que fose un alumno/a. ¿Deuse aviso aos familiares?: Si ¿Foi necesario traslado a centro sanitario?: Si ¿Acompañou alguén ao accidentado/a ao centro sanitario?: Si Nome e apelidos do acompañante:	Descrición do accidente (o máis detallado posible):
---	---

**CUBRIR EN CASO DE ACCIDENTE DURANTE A FCT**

Nome da empresa:	Dirección da empresa:	¿Envíouse informe á Dirección Xeral?: Si
Centro de traballo:	CP e localidade:	Data do informe:
Responsable:	Teléfonos de contacto:	Número de saída: